



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica
Subdirección Xeral de Réxime
Xurídico e Administrativo

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542706 - Fax: 881542902
rexime.xuridico.administrativo@sergas.es
www.sergas.es



Ref: PS/cp

Para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, achégolle a Resolución do 25 de outubro de 2018 pola que se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Sanidade, da escritura pública nº 2600, de modificación dos estatutos da Fundación Neuroburgas Dano Neurolóxico. Así mesmo, procédese á devolución da copia simple da escritura pública nº 2600 unha vez dilixenciada neste Protectorado de Fundacións.

Santiago de Compostela
A subdirectora xeral
de Réxime Xurídico e Administrativo
Laura Recacho Rivas
(asinado dixitalmente á marxe)

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 25/10/2018 14:28:18

SAÍDA 19554 / RX 1554936



DELFIN CAMPOS CASTRO
PRESIDENTE
FUNDACIÓN NEUROBURGAS DANO NEUROLÓXICO
RÚA RÍO XARES, 16 BAIXO
32001 OURENSE



Documento firmado digitalmente por:
Recacho Rivas, Laura: 25/10/2018 14:11

SAOC-A4G4-BOAH-OFTP-L815-4046-9518-448



Resolución pola que se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Sanidade, da escritura pública nº 2600, de modificación dos estatutos da Fundación Neuroburgas Dano Neurolóxico.

FEITOS

1.- O presidente da Fundación Neuroburgas Dano Neurolóxico, presentou o 19.10.2018 ante o Protectorado de Fundacións da Consellería de Sanidade, unha solicitude de inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da escritura pública nº 2600 do 01.10.2018 de modificación dos estatutos da Fundación.

2.- A devandita Fundación foi constituída en escritura pública co número de protocolo 635 outorgada en Ourense o 26.05.2016, ante a notaria María Isabel Louro García, clasificada de interese sanitario pola Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11.07.2016 e declarada de interese galego pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade do 14.09.2016. A fundación foi adscrita ao Protectorado da Consellería de Sanidade e figura inscrita na sección correspondente do Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2016/10.

3.- Coa solicitude do 19.10.2018 achégase orixinal e copia simple da escritura pública outorgada en Ourense o 01.10.2018, ante o notario Enrique Hernanz Vila, co número de protocolo 2600, pola que se elevan a público os acordos adoptados polo padroado da Fundación, na reunión celebrada o 26.09.2018, de modificación dos artigos 6 e 7 dos estatutos referidos aos fins e ás actividades fundacionais da Fundación, quedando redactados segundo se indica a continuación:

“Artigo 6.- Fins.

A Fundación ten por obxecto o obxectivo de atender adultos e nenos dependentes neurolóxicos e os seus familiares, atendendo de forma individual cada caso. Valórase e trátase a cada persoa e familia utilizando unha metodoloxía multidisciplinar, personalizada e participativa (tanto para o paciente como a familia).

Búscase así potenciar e desenrolar actividades que favorezan a autonomía da persoa, potenciar estratexias terapéuticas para a recuperación ou a compensación funcional e reducir o impacto social da discapacidade e/ou dependencia no individuo e na familia.





Ademais ofrécese formación e asesoramento a familiares e cuidadores en todo o referente ao manexo de cada persoa e ao seu cadro neurolóxico, así como aos problemas que poidan encontrar na súa vida diaria.

A defensa dos intereses dos seus asociados, usuarios e familiares destes en calidade de destinatarios finais, atendendo as súas necesidades sociais respecto ás seguintes áreas: cultura, educación, deporte, voluntariado, saúde lecer e tempo libre, vivenda, económicas, de consumo, políticas sociais, dependencia, atención temperá, axuda no fogar, atención á infancia, promoción da autonomía persoal e outras, fomentando as medidas de participación máis axeitadas e comprendidas dentro do ámbito da Fundación.

Colaboración coa prestación de servizos sociais nas áreas de discapacidade, familia, menores, maiores, igualdade, inclusión, servizos comunitarios, infancia.

Ofrecer unha atención personalizada, integral, continua e de calidade que prime a participación cidadá onde mediante plans de cooperación e coordinación coas diferentes administracións se poida dar unha atención de proximidade eliminando as barreiras xeográficas, económicas, de idade, etc,...

Difundir e defender os valores de igualdade entre os cidadáns, colaborando na loita contra as desigualdades existentes para defender os sectores sociais máis desfavorecidos e loitar contra a exclusión social.

Fomentar e promover a participación cidadá co fin de potenciar o benestar social, mellorar a calidade de vida, os hábitos saudables e prevención da saúde.

A prestación de servizos de promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia e a súa prevención facilitando á poboación o acceso para que alcancen un maior grao de autonomía nas actividades básicas diarias.

A prestación de servizos de axuda no fogar, servizos de atención temperá, tratamento preventivo e rehabilitador de procesos tumorais e as súas secuelas.

A atención de persoas dependentes co trastorno de espectro autista.

Fomentar, promover e colaborar con outras entidades e administración en actividades de voluntariado.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

Artigo 7. Actividades fundacionais.

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:





1.- *Todas as actividades realizadas pola Fundación Neuroburgas Dano Neurolóxico van destinadas tanto aos propios pacientes e usuarios da Fundación como á súa contorna (familiar, social, escolar, etc), especificadas na carteira de servizos comúns e carteira de servizos específicos recolleitos no anexo I do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía.*

- a) *Tratamento para os pacientes.*
- b) *Formación especializada a empregados e profesionais.*
- c) *Seminarios de formación a pacientes e familiares.*
- d) *Talleres colectivos.*
- e) *Actividades lúdicas para os asociados.*
- f) *Desenvolvemento da rehabilitación en piscina e termal en pacientes neurolóxicos.*
- g) *Centro de día para persoas con dano neurolóxico.*
- h) *Servizo de gardería para nenos con necesidades especiais.*
- i) *Servizo de autobús adaptado para o transporte de asociados.*
- j) *Actividades de I+D+I.*
- k) *Colaboración con outras entidades, empresas...*
- l) *Servizos de prevención das situacións de dependencia.*
- m) *Servizos de axuda no fogar, para a atención de persoas dependentes, incluíndo unha especialidade no servizo dirixido a persoas con discapacidade auditiva.*
- n) *Servizos para persoas dependentes con alzheimer.*
- o) *Servizos para persoas dependentes con discapacidade física.*
- p) *Servizos para persoas dependentes con parálise cerebral.*
- q) *Servizos para persoas dependentes con dano cerebral.*
- r) *Servizos para persoas dependentes con discapacidade intelectual.*
- s) *Servizos para persoas dependentes con transtorno do espectro autista.*
- t) *Servizos para persoas dependentes con enfermidade mental.*

2.- *Actividades formativas, informativas, terapéuticas relacionadas coas enfermidades neurolóxicas tanto conxénitas como adquiridas.*

3.- *Actividades formativas, informativas, terapéuticas relacionadas coa rehabilitación en procesos oncolóxicos.*

4.- *Servizo de axuda no fogar: actuacións levadas a cabo na contorna das persoas relacionadas coa atención de carácter persoal, que permitan á persoa usuaria a realización das actividades básicas da vida diaria, así como atencións de carácter doméstico e do fogar coa finalidade de incrementar a súa autonomía persoal e calidade de vida, posibilitando a permanencia no seu domicilio. Ver carteira de servizos código 0102, anexo I Decreto 149/2013,*





do 5 de setembro, da consellería de Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía.

5.- Servizo de atención temperá: en coordinación con outras administracións, locais ou autonómicas, desenvolveranse as intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e a súa contorna, dando resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. Realizaranse, aquelas intervencións dirixidas á poboación infantil de 0-6 anos, á familia e á contorna e que teñen por obxectivo dar resposta o máis pronto posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos con trastorno no seu desenvolvemento ou que teñen o risco de padecelos.

6.- Servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal. Código 0101 anexo I Decreto 149/2013, do 5 de setembro, da consellería de Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía.

7.- Todas aquelas actividades e servizos necesarios para o tratamento preventivo e rehabilitador nas enfermidades derivadas dos procesos tumorais e as súas secuelas.

8.- Todas aquelas actividades necesarias ben directamente ou en colaboración con outras entidades, nas que o seu obxecto ou finalidade sexa a rehabilitación, independencia e promoción da autonomía do paciente, participación na vida social, de todos aqueles aspectos ou ámbitos nos que nos sexa requirida nosa participación.

Estas actividades ofreceranse coa colaboración da empresa Neuroburgas, SC e con persoal propio.

A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1.- A Consellería de Sanidade é competente para o coñecemento desta solicitude de conformidade co disposto no Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, en relación co artigo 7.2 b) do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.





2.- Resulta cumprida a obriga establecida no artigo 54 b) da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e no artigo 21 c) do Decreto 15/2009, que inclúen a modificación de estatutos entre os actos suxeitos a inscrición. En relación co anterior, o artigo 23.1 do citado decreto especifica que as modificacións estatutarias deberán elevarse a escritura pública.

En base aos feitos e á normativa precedente, **RESOLVO**:

Inscribir no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería da Sanidade, de acordo co establecido no feito terceiro desta resolución, a escritura pública co número de protocolo 2600, outorgada en Ourense o 01.10.2018, ante o notario Enrique Hernanz Vila, de modificación dos artigos 6 e 7 dos estatutos da Fundación Neuroburgas Dano Neurolóxico (fins e actividades fundacionais da Fundación).

Contra esta resolución, pode interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Sanidade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Notifiquéselles a presente resolución aos interesados en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015.

Santiago de Compostela
O secretario xeral técnico
Alberto Fuentes Losada
(asinado dixitalmente á marxe)





ES COPIA SIMPLE

ENRIQUE HERNANZ VILA
NOTARIO
Avda. Habana, 39 – Entlo.
32003 OURENSE

ELEVACIÓN A PÚBLICO DE ACUERDOS SOCIALES DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DE FUNDACIÓN.

NUMERO DOS MIL SEISCIENTOS.-----

En Ourense, mi residencia, a uno de Octubre del dos mil dieciocho. -----

Ante mí, ENRIQUE HERNANZ VILA, Notario del Ilustre Colegio de Galicia. -----

-----**COMPARECE**-----

DON DELFIN CAMPOS CASTRO, mayor de edad, vecino de OURENSE, C.P. 32001, con domicilio en la Rúa Ribeira de Canedo, número 37, 2º A, y con D.N.I./N.I.F. número 44451121X. -----

INTERVIENE en nombre y representación de la entidad **FUNDACION NEUROBURGAS DANO NEUROLOXICO**, con domicilio en OURENSE, Rúa Río Xares, número 16, bajo, constituida por medio de escritura autorizada por la notaria de Ourense Doña María Isabel Louro García el veintiséis de mayo de dos mil dieciséis, número 635 de protocolo, inscrita en el Registro de Fundaciones de Interese Galego de la Consellería de

Sanidade de la Xunta de Galicia con el número 2016/10. Trasladó su domicilio al actual en virtud de escritura autorizada por el infrascrito notario el ocho de mayo de dos mil dieciocho, número 1.317 de protocolo. Tiene asignado el C.I.F. G32472763. -

Actúa en su calidad de Presidente del Patronato de la citada entidad, cargo para el que fue nombrado en la reseñada escritura fundacional. -----

Actúa en ejecución de los acuerdos adoptados por el Patronato de la Fundación en reunión celebrada el veintiséis de septiembre de dos mil dieciocho, según certificación del acta de dicha reunión que se reseña más adelante. -----

Me asevera la subsistencia de la personalidad jurídica de la entidad, así como que las circunstancias identificadoras de la misma no han variado con respecto a las descritas. -----

Yo el Notario, hago constar expresamente que he cumplido con la obligación de identificación del titular/es real/es que impone la Ley 10/2010, de 28 de abril, mediante consulta realizada a través del Sistema Integrado de Gestión del Notariado (SIGNO) en la Base de Datos de Titular Real, manifestando el compareciente que el resultado obtenido se ajus-




REXISTRO DE FUNDACIONES DE INTERESE GALEGO
SECCIÓN CONSELLERÍA DE SANIDADE

Dilixencia: para facer constar que con data 25.10.2018 procedeuse á inscrición da modificación dos estatutos da Fundación Neuroburgas Dano Neurolóxico, inscrita neste rexistro co número 2016/10, tal e como consta na escritura pública nº 2600.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo


Laura Recacho Rivas

ta a la realidad. -----

Le identifico por su reseñado documento de identidad y le juzgo, en la calidad en que interviene, con la capacidad legal necesaria para el otorgamiento de esta escritura de ELEVACIÓN A PÚBLICO DE ACUERDOS SOCIALES DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DE FUNDACIÓN, y a tal fin, -----

-----**OTORGA**-----

PRIMERO.- ELEVACIÓN A PÚBLICO.- DON DELFIN CAMPOS CASTRO, en la representación que ostenta de la FUNDACION NEUROBURGAS DANO NEUROLOXICO, eleva a público los acuerdos adoptados por el Patronato de la Fundación en reunión celebrada el veintiséis de septiembre de dos mil dieciocho, certificado conteniendo los cuales, me entrega, extendido en dos folios de papel común, expedido por Doña Sandra Quintana Caseiro, Secretaria del Patronato, con el Visto Bueno del compareciente en la condición en que interviene, y que incorporo a esta matriz, legitimando yo, el Notario las firmas que lo autentican

por haber sido reconocidas como propias en mi presencia, y en virtud de los cuales se procede a la modificación de los artículos 6 y 7 de la Fundación en los términos que resultan de la propia certificación. -----

SEGUNDO.- El compareciente me entrega el nuevo texto completo de los estatutos de la entidad con la modificación de los artículos 6 y 7 de los mismos. -----

Hago las reservas y advertencias legales, en especial las relativas a la necesidad de presentar a inscribir esta escritura en el Registro de Fundaciones de Interese Galego. -----

CLAUSULA DE INFORMACIÓN DE DATOS. -----

De acuerdo con lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999, el compareciente queda informado y acepta la incorporación de sus datos personales y la copia del documento de identidad a los ficheros existentes en esta Notaría, datos que se conservarán en la misma, con carácter confidencial, al estar amparados por el secreto de protocolo, sin perjuicio de las remisiones de obligado cumplimiento a las Administraciones Públicas que estipula la Ley y, en su caso, al Notario que suceda al actual en



esta plaza. Su finalidad es realizar la formalización de la presente escritura, su facturación y seguimiento posterior y las funciones propias de la actividad notarial. Puede ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición en la Notaría autorizante. En caso de que se incluyan datos de personas distintas de los intervinientes, estos deberán haberles informado, con carácter previo, del contenido de este párrafo. -----

Leo al compareciente la presente escritura, tras advertirle del derecho que tiene a hacerlo por sí, al que renuncia; presta su consentimiento y la firma conmigo, el Notario, que de que el consentimiento ha sido libremente prestado y de que el otorgamiento se adecua a la legalidad y a la voluntad debidamente informada del otorgante, y de todo lo expresado en este instrumento público extendido sobre tres folios de papel exclusivo para documentos notariales, serie y números DY3595944 y los dos siguientes, yo, el Notario, DOY FE. -----



Ourense, 26 de Septiembre de 2018

Dona Sandra Quintana Caseiro, secretaria da Fundación Neuroburgas Dano Neurolóxico certifica, con Visto Bo por parte do Presidente Don Delfín Campos Castro, que na reunión celebrada neste mesmo día, coa asistencia de tódolos integrantes do padroado:

Presidente: Delfín Campo Castro
Vicepresidente: Fernando Vilarino Rodríguez
Secretaría: Sandra Quintana Caseiro
Vocal: Cristina López González

Aprobase, o cambio dos artigos número 6 e 7 dos Estatutos da Fundación Neuroburgas Dano Neurolóxico con referencia fins e actividades da Fundación. Considerando que eran moi xeráís modifícanse para que o fin sexa máis claro, quedando redactados como seguen:

Artigo 6. Fins

A Fundación ten por obxecto o obxectivo de atender adultos e nenos dependentes neurolóxicos e os seus familiares, atendendo de forma individual cada caso. Valórase e trátase a cada persoa e familia utilizando unha metodoloxía multidisciplinar, persoalizada e participativa (tanto para o paciente como a familia)

Búscase así potenciar e desenrolar habilidades que favorezan a autonomía da persoa, potenciar estratexias terapéuticas para a recuperación ou a compensación funcional e reducir o impacto social da discapacidade e/ou dependencia no individuo e na familia.

Ademáis ofrecese formación e asesoramento a familiares e cuidadores en todo o referente o manexo de cada persoa e o seu cadro neurolóxico, así como os problemas que poidan encontrar na súa vida diaria.

A defensa dos intereses dos seus asociados, usuarios e familiares destes en calidade de destinatarios finais atendendo as súas necesidades sociais respecto ás seguintes áreas: cultura, educación, deporte, voluntariado, saúde lecer e tempo libre, vivenda, económicas, de consumo, políticas sociais, dependencia, atención temperá, axuda no fogar, atención á infancia, promoción da autonomía persoal e outras, fomentando as medidas de participación máis axeitadas e comprendidas dentro do ámbito da Fundación.

Colaboración coa prestación de servizos sociais nas áreas de discapacidade, familia, menores, maiores, igualdade, inclusión, servizos comunitarios, infancia.

Ofrecer unha atención personalizada, integral, continua e de calidade que prime a participación cidadá onde mediante plans de cooperación e coordinación coas diferentes administración se poida dar unha atención de proximidade eliminando as barreiras xeográficas, económicas, de idade etc...

Difundir e defender os valores de igualdade entre os cidadáns, colaborando na loita contra as desigualdes existentes para defenderos sectores sociais máis desfavorecidos e loitar contra a exclusión social.

Fomentar e promover a participación cidadá co fin de potenciar o ben estar social, mellorar a calidade de vida, os hábitos saudables e a prevención da saúde.

A prestación de servizos de promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia e a súa prevención facilitando á poboación o acceso para que alcancen un maior grado de autonomía nas actividades básicas diarias

A prestación de servizos de axuda no fogar, servizos de atención temperá, tratamento preventivo e rehabilitador de procesos tumorais e a súas secuelas.

A atención de persoas dependentes co transtorno de espectro autista.

Fomentar, promover e colaborar con outras entidades e administración en actividades de voluntariado.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

Artigo 7. Actividades fundacionais

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

1.- Todas as actividades realizadas pola Fundación Neuroburgas Dano neurolóxico van destinadas tanto aos propios pacientes e usuarios da fundación como á súa contorna (familiar, social, escolar, etc), especificadas na carteira de servizos comúns e carteira de servizos específicos recolleitos no anexo I do Decreto 149/2013 do 5 de setembro, da consellería de Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía

- a) Tratamento para os pacientes
- b) Formación especializada a empregados e profesionais.
- c) Seminarios de formación a pacientes e familiares
- d) Talleres colectivos
- e) Actividades lúdicas para os asociados
- f) Desenvolvemento da Rehabilitación en piscina e termal en pacientes neurolóxicos
- g) Centro de día para persoas con dano neurolóxico
- h) Servizo de gardería para nenos con necesidades especiais
- i) Servizo de autobús adaptado para o transporte dos asociados
- j) Actividades de I+D+i
- k) Colaboración con outras entidades, empresas....
- l) Servizos de prevención das situacións de dependencia
- m) Servizos de axuda no fogar, para a atención de persoas dependentes, incluíndo unha especialidade no servizo dirixido a persoas con discapacidade auditiva
- n) Servizos para persoas dependentes con Alzheimer
- o) Servizos para persoas dependentes con discapacidade física
- p) Servizos para persoas dependentes con parálise cerebral



- q) Servizos para persoas dependentes con dano cerebral
- r) Servizos para persoas dependentes con discapacidade intelectual
- s) Servizos para persoas dependentes con transtorno de espectro autista
- t) Servizos para persoas dependentes con enfermidade mental

2.- Actividades formativas, informativas , terapéuticas relacionadas coas enfermidades neurológicas tanto congénitas como adquiridas,

3.- Actividades formativas, informativas , terapéuticas relacionadas coa rehabilitación en procesos oncolóxicos

4.- Servizo de axuda no fogar: actuacións levadas a cabo na contorna das persoas relacionadas coa atención de carácter persoal, que permitan á persoa usuaria a realización das actividades básicas da vida diaria, así como atencións de carácter doméstico e do fogar coa finalidade de incrementar a súa autonomía persoal e calidade de vida, posibilitando a permanencia no seu domicilio. Ver carteira de servizos. código 0102, anexo I Decreto 149/2013 do 5 de setembro, da consellería de Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía

5.- Servizo de atención temperá: en coordinación con outras administracións, locais ou autonómicas, desenvolveranse as intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e a súa contorna, dando resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. Realizaranse, aquelas intervencións dirixidas á poboación infantil de 0-6 anos, á familia e á contorna e que teñen por obxectivo dar resposta o mais pronto posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos con trastorno no seu desenvolvemento ou que teñen o risco de padecelos.

6.- Servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal. Código 0101 anexo I Decreto 149/2013 do 5 de setembro, da consellería de Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía.

7.- Todas aquelas actividades e servizos necesarios para o tratamento preventivo e rehabilitador nas enfermidades derivadas dos procesos tumorales e as súas secuelas.

8.- Todas aquelas actividades necesarias ben directamente ou en colaboración con outras entidades, nas que se obxecto ou finalidade sexa a rehabilitación, independencia e promoción da autonomía do paciente, participación na vida social, de todos aqueles aspectos ou ámbitos nos que nos sexa requirida nosa participación.

Estas actividades ofreceráanse coa colaboración da empresa Neuroburgas, SC e con persoal propio.

A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

E para que así conste firman

Secretaria
Sandra Quintana Caseiro

V.B Presidente
Delfín Campos Castro



NeuroBurgas
Fundación



TÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Denominación e natureza

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de "Fundación NeuroBurgas Dano Neurolóxico", constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.

Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación

O domicilio da Fundación radicará no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia na Rúa Río Xares, 16 baixo, 32001 Ourense.

O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións.

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación poderá crear delegacións en territorio distinto ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.

Artigo 3. Personalidade e capacidade

A Fundación terá personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

Artigo 4. Duración

A Fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da Fundación se consideraren cumpridos, ou for imposible a súa realización, o Padroado poderá acordar a extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente.

Artigo 5. Réxime normativo


A Fundación rexeráse pola vontade dos fundadores expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento deles estableza o Padroado e, en todo

Numero registro fundaciones Interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

CIF G-32472763

Fundacion Neuroburgas
Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas Fundación



caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola restante normativa que sexa de aplicación.

TÍTULO SEGUNDO OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 6. Fins

A Fundación ten por obxecto o obxectivo de atender adultos e nenos dependentes neurolóxicos e os seus familiares, atendendo de forma individual cada caso. Valórase e trátase a cada persoa e familia utilizando unha metodoloxía multidisciplinar, persoalizada e participativa (tanto para o paciente como a familia)

Búscase así potenciar e desenrolar habilidades que favorezan a autonomía da persoa, potenciar estratexias terapéuticas para a recuperación ou a compensación funcional e reducir o impacto social da discapacidade e/ou dependencia no individuo e na familia.

Ademais ofrecese formación e asesoramento a familiares e cuidadores en todo o referente o manexo de cada persoa e o seu cadro neurolóxico, así como os problemas que poidan encontrar na súa vida diaria.

A defensa dos intereses dos seus asociados, usuarios e familiares destes en calidade de destinatarios finais atendendo as súas necesidades sociais respecto ás seguintes áreas: cultura, educación, deporte, voluntariado, saúde lecer e tempo libre, vivenda, económicas, de consumo, políticas sociais, dependencia, atención temperá, axuda no fogar, atención á infancia, promoción da autonomía persoal e outras, fomentando as medidas de participación máis axeitadas e comprendidas dentro do ámbito da Fundación.

Colaboración coa prestación de servizos sociais nas áreas de discapacidade, familia, menores, maiores, igualdade, inclusión, servizos comunitarios, infancia.

Ofrecer unha atención personalizada, integral, continua e de calidade que prime a participación cidadá onde mediante plans de cooperación e coordinación coas diferentes administracións se poida dar unha atención de proximidade eliminando as barreiras xeográficas, económicas, de idade etc...

Numero registro fundaciones Interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

CIF G-32472763

Fundacion Neuroburgas
Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas
Fundación



Difundir e defender os valores de igualdade entre os cidadáns, colaborando na loita contra as desigualdes existentes para defender os sectores sociais máis desfavorecidos e loitar contra a exclusión social.

Fomentar e promover a participación cidadá co fin de potenciar o ben estar social, mellorar a calidade de vida, os hábitos saudables e a prevención da saúde.

A prestación de servizos de promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia e a súa prevención facilitando á poboación o acceso para que alcancen un maior grado de autonomía nas actividades básicas diarias

A prestación de servizos de axuda no fogar, servizos de atención temperá, tratamento preventivo e rehabilitador de procesos tumorais e a súas secuelas.

A atención de persoas dependentes co trastorno de espectro autista.

Fomentar, promover e colaborar con outras entidades e administración en actividades de voluntariado.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

Artigo 7. Actividades fundacionais

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

1.- Todas as actividades realizadas pola Fundación NeuroBurgas Dano neurolóxico van destinadas tanto aos propios pacientes e usuarios da fundación como á súa contorna (familiar, social, escolar, etc), especificadas na carteira de servizos comúns e carteira de servizos específicos recolleitos no anexo I do Decreto 149/2013 do 5 de setembro, da consellería de Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía

- a) Tratamento para os pacientes
- b) Formación especializada a empregados e profesionais.
- c) Seminarios de formación a pacientes e familiares
- d) Talleres colectivos
- e) Actividades lúdicas para os asociados
- f) Desenvolvemento da Rehabilitación en piscina e termal en pacientes neurolóxicos
- g) Centro de día para persoas con dano neurolóxico
- h) Servizo de gardería para nenos con necesidades especiais
- i) Servizo de autobús adaptado para o transporte dos asociados
- j) Actividades de I+D+i


Numero registro fundaciones Interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

CIF G-92472763

Fundacion Neuroburgas

Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas Fundación



Numero registro fundaciones Interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

CIF G-32472769

- k) Colaboración con outras entidades, empresas....
- l) Servizos de prevención das situacións de dependencia
- m) Servizos de axuda no fogar, para a atención de persoas dependentes, incluíndo unha especialidade no servizo dirixido a persoas con discapacidade auditiva
- n) Servizos para persoas dependentes con Alzheimer
- o) Servizos para persoas dependentes con discapacidade física
- p) Servizos para persoas dependentes con parálise cerebral
- q) Servizos para persoas dependentes con dano cerebral
- r) Servizos para persoas dependentes con discapacidade intelectual
- s) Servizos para persoas dependentes con trastorno de espectro autista
- t) Servizos para persoas dependentes con enfermidade mental

2.- Actividades formativas, informativas, terapéuticas relacionadas coas enfermidades neurolóxicas tanto congénitas como adquiridas.

3.- Actividades formativas, informativas, terapéuticas relacionadas coa rehabilitación en procesos oncolóxicos

4.- Servizo de axuda no fogar: actuacións levadas a cabo na contorna das persoas relacionadas coa atención de carácter persoal, que permitan á persoa usuaria a realización das actividades básicas da vida diaria, así como atencións de carácter doméstico e do fogar coa finalidade de incrementar a súa autonomía persoal e calidade de vida, posibilitando a permanencia no seu domicilio. Ver carteira de servizos. código 0102, anexo I Decreto 149/2013 do 5 de setembro, da consellería de Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía

5.- Servizo de atención temperá: en coordinación con outras administracións locais ou autonómicas, desenvolveranse as intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e a súa contorna, dando resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. Realizaranse, aquelas intervencións dirixidas á poboación infantil de 0-6 anos, á familia e á contorna e que teñen por obxectivo dar resposta o mais pronto posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos con trastorno no seu desenvolvemento ou que teñen o risco de padecelos.

6.- Servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal. Código 0101 anexo I Decreto 149/2013 do 5 de setembro, da consellería de Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía.

7.- Todas aquelas actividades e servizos necesarios para o tratamento preventivo e rehabilitador nas enfermidades derivadas dos procesos tumorales e as súas secuelas.


8.- Todas aquelas actividades necesarias ben directamente ou en colaboración con outras entidades, nas que se obxecto ou finalidade sexa a rehabilitación, independencia e promoción da autonomía do paciente, participación na vida social, de todos aqueles aspectos ou ámbitos nos que nos sexa requirida nosa participación.

Estas actividades ofreceráanse coa colaboración da empresa NeuroBurgas, SC e con persoal propio.

Fundacion NeuroBurgas
Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas
Fundación



A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

Artigo 8. Liberdade de actuación

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis adecuados ou convenientes en cada momento.

TÍTULO TERCEIRO

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINES FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 9. Destino das rendas e ingresos

A Fundación destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais.

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, e o resto deberase destinar a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados a dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.

O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio

Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

Artigo 10. Publicidade das actividades

O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación, a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, para que sexan cofecidos polos eventuais beneficiarios e demais interesados.


Numero registro fundaciones interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

CIF G-32472763

Fundacion Neuroburgas

Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas

Fundación



Artigo 11. Beneficiarios.

O perfil do usuario destinatarios da fundación é os de pacientes con enfermidades neurolóxicas de adultos e especialmente infantís.

Os trastornos neurolóxicos son enfermidades do sistema nervioso central e periférico, e dicir, do cerebro, médula espiñal, nervios craneais e periféricos, raíces nerviosas, sistema nervioso autónomo, placa neuromuscular e os músculos.

Existen máis de 600 enfermidades neurolóxicas. A continuación poñemos o perfil dos destinatarios dos servizos da fundación

- Persoas que sufriron lesións a nivel do sistema nervioso central.
- Secuelas de ictus producido por: infarto do tecido cerebral, hemorraxia de arterias cerebrais, post ciruxía intracraneal, tumores....
- Secuela de lesión medular.
- Hemiplexia-hemiparesia.
- Paraplexia-Tetraplexia.
- Síndrome cerebólico (ataxia).
- Traumatismo cráneo encefálico.
- Lesiones do sistema nerviosos periférico: parálisis nervio facial, braquial, etc.
- Alzheimer, Parkinson.
- Parálisis cerebral infantil e trastornos do desenvolto.

A determinación dos beneficiarios será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

As regras básicas para a determinación dos beneficiarios son as seguintes:

- a) Nenos
- b) Maiores de 60 anos
- c) Segundo a renda (prioridade as rendas máis baixas)

Numero registro fundaciones interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

CIF G-32472163

Fundacion Neuroburgas
Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



TÍTULO CUARTO

ÓRGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO E ÓRGANOS DE XESTIÓN

I - ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 12. O Padroado

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

Corresponde ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade.

Artigo 13. Carácter gratuito do cargo de patrón

Os patróns exercerán o seu cargo gratuitamente, sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificados que o desempeño da súa función lles ocasione.

Artigo 14. Composición

O Padroado estará composto por un mínimo de 3 e un máximo de 25 membros. Dentro destes límites, corresponderalle ao Padroado determinar o número concreto de membros.

Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos nin se atopen incursas en causa de incompatibilidade.

As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar a persoa física que as represente.


Os patróns que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón designado por el.

Artigo 15. Regras para a designación e substitución dos seus membros

A designación dos membros que integren o primeiro Padroado será efectuada polos fundadores e constará na escritura de constitución.

A designación de novos membros será realizada polo Padroado que figure inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, por acordo da maioría dos seus membros cun voto favorable de 2/3.

O patróns desempeñarán as súas funcións por un periodo de 25 anos.



NeuroBurgas Fundación



Numero registro fundaciones Interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

CIF G-02472763

O Padroado, dentro do último mes do período do mandato vixente, procederá á designación dos novos membros.

Artigo 16. Aceptación dos membros do Padroado e inscrición no rexistro

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións logo de aceptaren expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional; en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, e acreditarase mediante certificación expedida polo secretario co visto e prace do presidente.

A designación dos membros do Padroado e os seus cargos e a correspondente aceptación serán notificadas polo Padroado ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 17. Organización do Padroado

O Padroado designará de entre os seus membros un presidente e un vicepresidente, de ser o caso.

Así mesmo, o Padroado designará un secretario, cargo que poderá recaer en persoa allea ao Padroado; neste caso terá voz pero non voto.

Artigo 18. O presidente

Ao presidente correspóndelle exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; acordar a convocatoria das reunións do Padroado; fixar a orde do día; presidir as reunións; dirixir e moderar os debates; someter a votación os acordos e, de ser o caso, dispoñer a execución dos acordos adoptados, para o cal poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos que sexan necesarios para tal fin.

O presidente dispón de voto de calidade para resolver os empates que se poidan producir nas votacións das reunións do Padroado.

Artigo 19. O vicepresidente

Corresponderalle ao vicepresidente realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Tamén poderá actuar en representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.

Artigo 20. O secretario

Son funcións do secretario:

- Efectuar a convocatoria das reunións do Padroado por orde da presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros do Padroado.
- Asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se forma parte do Padroado, ou só con voz en caso contrario.

Fundacion Neuroburgas

Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas Fundación



- Custodiar a documentación da Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e transcribilas ao correspondente libro de actas.
- Expedir as certificacións co visto e prace da presidencia, en relación cos acordos adoptados polo Padroado.
- Calquera outra inherente á súa condición de secretario, e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, o secretario será substituído por o Primeiro Vocal

Artigo 21. Facultades do Padroado

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, a título enunciativo, serán facultades do Padroado:

- a) Exercer o goberno, a representación, a inspección, a vixilancia e a orientación da Fundación.
- b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.
- c) Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da Fundación.
- d) Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas e delegacións
- e) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos.
- f) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.
- g) Delegar as súas facultades nun ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación:
 - A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
 - A modificación dos estatutos.
 - O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
 - Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado.

Artigo 22. Obrigas e dereitos dos membros do Padroado


Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.

Numero registro fundaciones interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

GIF C-32472703

Fundacion Neuroburgas
Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas
Fundación



Numero registro fundaciones interés Galégo 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

CIF @ 32472763

Son obrigas dos membros do Padroado:

- Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.
- Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Son dereitos dos membros do Padroado:

- Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos de que formen parte.
- Exercer o dereito de voto.
- Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

Artigo 23. Responsabilidades dos patróns

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

Artigo 24. Cesamento e suspensión dos membros do Padroado

O cesamento e suspensión dos membros do Padroado producirase nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

O cesamento e a suspensión dos membros do Padroado comunicaráselle ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

Artigo 25. Reunións do Padroado

O Padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao presidente ordenar a convocatoria das reunións, por propia iniciativa ou por petición das dúas terceiras partes dos membros do Padroado.

Fundacion Neuroburgas
Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas
Fundación



A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, a data e a hora da reunión. Cursarase por escrito e farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción.

Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes todos os patróns, acorden por unanimidade a celebración da reunión e a correspondente orde do día.

Artigo 26. Formas de deliberar e adoptar acordos

O Padroado entenderase validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes; en caso de empate será dirimente o voto do presidente. Non obstante, requirirase voto favorable de 3/4 partes dos membros do Padroado para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, e á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión ou á extinción da Fundación.

Das reunións do Padroado elaborará a acta o secretario, que deberá ser subscriba por todos os membros presentes e aprobada na mesma ou na seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.

II - ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN

Artigo 27. Consellos asesores

O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación, modificación e supresión destes órganos, así como a súa composición, deberán ser notificadas ao protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións.

Artigo 28. Xerente


O Padroado poderá acordar a contratación dun director/xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación. A súa designación e cesamento deben ser notificados ao Protectorado e inscritos no Rexistro de Fundacións.

Numero registro fundaciones interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

CIF G-32472763

Fundacion Neuroburgas
Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas Fundación



TÍTULO QUINTO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29. Patrimonio fundacional

O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución, tanto se se afectan á dotación como se non.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 30. Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

Artigo 31. Financiamento

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se for o caso, con aquel outros procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que isto:

- Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- Non sexa contrario á vontade fundacional.
- Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerase de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

Artigo 32. Plan de actuación

O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación en que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa del. O dito plan será depositado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Numero registro fundaciones Interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518


www.neuroburgas.org

CIF G-32472763

Fundacion Neuroburgas
Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas
Fundación



Artigo 33. Contas anuais

A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso, contará cun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

As contas anuais serán formuladas polo órgano de goberno da entidade, o cal responderá da súa veracidade. Deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes ao da súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Nos casos en que as contas anuais se sometan a auditoría, serán formuladas dentro dos tres (3) primeiros meses seguintes ao día do peche do exercicio. Neste caso presentarase xunto coa documentación contable, o informe de auditoría correspondente.

Artigo 34. Exercicio económico

O exercicio económico da Fundación coincidirá co ano natural.

TÍTULO SEXTO

DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 35. Modificación de estatutos

Por acordo do Padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.

Procederase á dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación teñan variado de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

Artigo 36. Fusión e/ou escisión


A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados. Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

Numero registro fundaciones interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

GIF G-32472763

Fundacion Neuroburgas
Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense



NeuroBurgas Fundación



Numero registro fundaciones Interés Galego 2016/10 RUEPSS E-6518

www.neuroburgas.org

CIF G-32472763

Artigo 37. Extinción da Fundación

A Fundación extinguirase polas causas legal e estatutariamente establecidas e de acordo cos procedementos previstos na normativa vixente.

Artigo 38. Liquidación e adxudicación

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas, privadas ou públicas, que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 39. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro

Para a adopción de acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación será necesario o voto favorable de 2/3 dos membros do Padroado.

Os ditos acordos serán comunicados e/ou autorizados ante o Protectorado para os efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

CLÁUSULA ADICIONAL

O contido destes estatutos non implica limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente atribúe ao Protectorado.

A interpretación do establecido nestes estatutos farase en concordancia coa normativa sectorial, que, así mesmo, será aplicable no non previsto neles.

Fundacion Neuroburgas
Av. Buenos Aires 63, Bajo C.P:32004 Ourense

ES COPIA SIMPLE